

## **Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Febreiro 2007**

### **COMUNICADO**

---

#### **En febreiro de 2007 descende o gasto diario medio e o gasto total dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia respecto ao mesmo mes do ano anterior**

**O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia ascendeu a 21,4 millóns de euros en febreiro de 2007.**

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de febreiro de 2007, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos descendeu en termos correntes nun 19,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 21,4 millóns de euros.

Nesta evolución cabe destacar que aínda que en febreiro de 2007 o gasto total nos establecementos hoteleiros de 4 e 3 estrelas descendeu en taxa interanual, este descenso foi mais pronunciado no gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 5 estrelas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Así, o gasto total nos establecementos hoteleiros de 5 estrelas descendeu en febreiro de 2007 nun 39,5% en taxa interanual, cun importe de 2,3 millóns de euros. Esta forte caída débese en parte ao descenso interanual do 24,9% no número de pernoitas nesta categoría de establecementos. O importe do gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de catro e tres estrelas ascendeu a 12,9 e 6,3 millóns de euros, o que se supuxo taxas de variación interanuais de -16,4% e -15,1% respectivamente.

A taxa de variación interanual do gasto total corrixido do efecto calendario é de -19,2% igual que sen aplicar a mencionada corrección.

**O importe do gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia foi de 117,0 euros en febreiro de 2007.**

En febreiro de 2007 o gasto diario medio por persoa rexistrou un descenso do 18,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 117,0 euros. Cabe sinalar que este comportamento débese en parte aos bos resultados obtidos en canto ao gasto do turismo en febreiro de 2006.

Tendo en conta a categoría dos establecementos nos que se aloxan os viaxeiros, o gasto diario medio por persoa descendeu en febreiro de 2007 en termos interanuais nun 18,8%, 18,7% e 13,5% nos establecementos hoteleiros de 5, 4 e 3 estrelas respectivamente, acadando un importe de 202,3, 126,3 e 89,8 euros en cada caso.

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Febreiro 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	21.425,5	-19,2%	-11,1%
Gasto diario medio por persoa (euros)	117,0	-18,2%	-9,6%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total (miles de euros)	21.425,5	-19,2%	-11,1%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros


**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Febreiro 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>Gasto total</b>	21.425,5	-19,2%	-11,1%
3 estrelas	6.285,0	-15,1%	-9,3%
4 estrelas	12.859,7	-16,4%	-7,5%
5 estrelas	2.280,8	-39,0%	-31,4%
<b>Gasto diario medio</b>	117,0	-18,2%	-9,6%
3 estrelas	89,8	-13,5%	-9,6%
4 estrelas	126,3	-18,7%	-7,3%
5 estrelas	202,3	-18,8%	-13,7%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

---

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
Fax: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>